

formacións estime pertinentes, en caso contrario procederáse a súa baixa de oficio o padrón deste municipio.

Nigrán, 3 de marzo de 2009.—O Alcalde, Efrén Juanes Rodríguez. **2009002402**

* * *

PONTEAREAS

De conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícanse os textos íntegros das Modificacións de Ordenanzas Fiscais e Prezos Públicos aprobados provisionalmente polo Pleno da Corporación do 21-11-08 que quedan elevados a definitivas unha vez rematado o período de exposición pública:

TAXAS PARA O EXERCICIO 2009 IVE NON INCLUÍDO

TAXAS DE AUGA

USOS DOMÉSTICOS	€/m ³
Mínimo ata 15m ³ /mes	0,351
De 15 a 20 m ³ /mes	0,383
Máis de 20 m ³ /mes	0,415

USO COMERCIAL

Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,383
Máximo ata 15 m ³ /mes	0,404

USO INDUSTRIAL E OBRAS

Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,415
Máis de 15 m ³ /mes	0,489

CONSERVACIÓN DE CONTADORES

Cota por contador abonado/mes	0,202
-------------------------------	-------

TAXA DEPURACIÓN

USOS DOMÉSTICOS

Mínimo ata 15 m ³	0,212
De 15 a 20 m ³	0,234
Máis de 20 m ³ /mes	0,244

USO COMERCIAL

Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,212
Máis de 15 m ³ /mes	0,234

USO INDUSTRIAL E OBRAS

Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,212
Máis de 15 m ³ /mes	0,234

-Taxa de reapertura do subministro por corte de auga 39,04 €/m³

-Cota de conexión a rede de auga, por vivenda 180,30 €

-Cota de conexión a rede de sumidoiros, por vivenda 180,30 €

RECURSOS.—Contra os anteriores expedientes os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses con-

tados a partir do día seguinte ao da publicación desta anuncio no BOP, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 25 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2009002400**

A N U N C I O

No Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 249 do 26-12-08 de conformidade cos artigos 17.3 e 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e aprobada definitivamente polo Pleno o 09-12-08 publicouse o texto íntegro da “Ordenanza municipal reguladora da venda Ambulante no municipio de Ponteareas”, obviándose por erro o réxime de recursos cuio texto é o seguinte:

“Recursos.—Contra a “Ordenanza municipal reguladora da venda Ambulante no municipio de Ponteareas” publicada no BOP o 26-12-08 os interesados poderán interpor recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 11 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2009002208**

* * *

SALCEDA DE CASELAS

A N U N C I O

Polo presente faise saber que o Alcalde do Concello de Salceda de Caselas o día 26 de febreiro dicou a seguinte:

“Resolución Alcaldía 111/2009.

Vista a solicitude efectuada pola Entidade Elctra Alto Miño S.L, en data 09/01/2009 (RE nº 101) co obxecto de materializar o documento de cesión do uso do local destinado a centro de transformación ubicado na pranta semisótano do auditorio municipal,

Vista a providencia de Alcaldía de data 23/01/2009.

Visto o informe de secretaría de data 23/01/2009, o informe de valoración do arquitecto técnico municipal de data 13/02/2009 e o informe de Intervención de data 26/02/2009.

Considerando as facultades conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o RDL 781/1986, do 18 de abril,